

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 6 DE ABRIL DE 2026,
BAIXO A PRESIDENCIA DE
ALFONSO RUEDA VALENZUELA**

DECRETOS**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO**

- Decreto polo que se dispón que cese Fernando Garrido Valenzuela como presidente do Padroado do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia.
- Decreto polo que se nomea presidenta do Padroado do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia a Xiana Fernández-Albor Batallán.

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FP

- Decreto polo que se nomea reitora magnífica da Universidade de Santiago de Compostela a profesora doutora Rosa María Crujeiras Casais.

ACORDOS**CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES**

- Acordo polo que se autoriza a contratación da concesión de servizo público de transporte regular de viaxeiros de uso xeral por estrada XG843 - A Coruña-Ferrol-Ortigueira-Viveiro-Vilalba-Lugo, con anexos, cun orzamento base de licitación de dous millóns seiscentos setenta e oito mil cincocentos trinta e catro euros con sesenta céntimos (2.678.534,60 €) e un valor estimado de dezanove millóns novecentos corenta e dous mil seiscentos cincuenta e tres euros con trinta e un céntimos (19.942.653,31€).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

- Acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados nunha porcentaxe superior á prevista na normativa de subvencións de Galicia, no convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e a Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia para o financiamento de servizos especializados dirixidos a persoas xordas, xordocegas e con discapacidade auditiva residentes na Comunidade Autónoma de Galicia e do mantemento da federación e das súas entidades federadas para o exercicio 2026. Importe: novecentos nove mil oitocentos vinte e seis euros (909.826,00€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e a Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (Cogami) para a posta en marcha dun proxecto piloto de innovación no ámbito dos servizos sociais, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea, NextGenerationEU. Importe total: oitocentos cincuenta e mil euros (850.000€).
- Acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados nunha porcentaxe superior á prevista na normativa de subvencións de Galicia, no convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e a Federación Gallega de Asociacións de Atención a las Personas con Parálisis Cerebral, para o financiamento do programa de promoción da autonomía persoal de persoas con parálise cerebral e/ou patoloxías afíns, e do mantemento da entidade para o exercicio 2026. Importe: noventa e seis mil cento vinte e dous euros (96.122,00€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e a Fundación de Solidaridad Amaranta, para o mantemento dun recurso de acollida en Ourense para mulleres que sofren violencia de xénero, no marco do Pacto de Estado contra a violencia de xénero, no exercicio 2026. Importe: trescentos doce mil euros (312.000,00€).

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se toma razón da licitación das obras do proxecto de urbanización e electrificación do parque empresarial de Palas de Rei, fase III (Lugo).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de contratación do servizo de administración de sistemas da Xunta de Galicia, por un orzamento de licitación (IVE incluído) de seis millóns setecentos oito mil douscentos corenta euros (6.708.240,00 €) e un valor estimado de trece millóns trescentos cinco mil seiscentos euros (13.305.600,00 €).

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se autoriza á Sociedade de Vivenda Pública de Galicia S.A. a licitación das obras de construción dun edificio de 26 vivendas de promoción pública (VPP), garaxes e rochos na parcela P-09 Plan parcial SAUR 2 Galanas, no concello de Teo (A Coruña), cun orzamento de licitación e valor estimado, IVE excluído, de catro millóns novecentos vinte e sete mil cento vinte e oito euros con corenta e un céntimos (4.927.128,41 €).
- Acordo polo que se toma razón da licitación pola Sociedade de Vivenda Pública de Galicia S.A. das obras de construción dun edificio de 17 vivendas de promoción pública (VPP) na parcela RP-8.2.1 do concello de Lalín (Pontevedra), cun orzamento de licitación e valor estimado, IVE excluído, de tres millóns douscentos setenta e oito mil douscentos vinte e sete euros con sete céntimos (3.278.227,07€).

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a contratación da subministración sucesiva da vacina 20 valente fronte ao pneumococo, por un importe total de licitación de cinco millóns trescentos noventa e dous mil oitocentos dezaseis euros, con IVE (5.392.816,00 €) e un valor estimado de dezaseis millóns cincocentos noventa e tres mil douscentos oitenta euros, sen IVE (16.593.280,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a contratación, mediante contrato derivado do acordo marco (MA-ASO1-22-017) para a subministración sucesiva de implantes de columna con destino á Área Sanitaria da Coruña e Cee, pertencente ao Servizo Galego de Saúde, por un importe de tres millóns cento dezaioito mil novecentos noventa e sete euros con vinte céntimos (3.118.997,20€), IVE incluído, e un valor estimado de seis millóns douscentos trinta e sete mil novecentos noventa e catro euros con corenta céntimos, sen IVE (6.237.994,40 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Asociación de Enfermos de Ril (ALCER), para a cobertura do servizo de traslado de pacientes aos centros de hemodiálise na provincia de Lugo, por un importe de seiscentos oitenta e sete mil catrocentos trinta e un euros (687.431,00€).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre o Parlamento de Galicia, a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e a Universidade de Santiago de Compostela para a ampliación de contidos e a optimización e mellora da tecnoloxía do portal xurídico Lex.gal a través da aplicación de intelixencia artificial, por importe de cincocentos trece mil cincocentos sesenta e catro euros con dezaseis céntimos (513.564,16 €).

CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN

- Acordo polo que se aproba o Plan de impulso da Rede de Mercados Excelentes de Galicia

CONSELLERÍA DO MAR

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería do Mar da Xunta de Galicia e a Asociación Española de Maioristas, Importadores, Exportadores e Transformadores de Produtos da Pesca e Acuicultura (Conxemar), para a promoción e a mellora da comercialización de produtos conxelados da pesca no ano 2026, por un importe total de 460.000 euros.

INFORMES

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

- Informe sobre a situación dos parques caninos e do centro autonómico de animais abandonados.

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FP

- Informe sobre o avance do modelo híbrido no proxecto E-Dixgal.
- Informe sobre o programa Cualifica Talento.

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- Informe sobre a Campaña de IRPF 2025.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

- Informe sobre a próxima licitación do contrato do reforzo do firme nas estradas VG-1.4, AC-404, AC-429, AC-444, AC-552, AC-546, AC-550 e AC-440, nos concellos da Baña, Zas, Vimianzo, Muxía, Muros, Fisterra, Santa Comba, Cee, Laxe e Cabana de Bergantiños, cun orzamento base de licitación, IVE incluído, de tres millóns catrocentos sesenta e sete mil trescentos noventa e nove euros con corenta e catro céntimos (3.467.399,44 €).
- Informe sobre a próxima licitación da obra da senda Laxe AC-433, cun orzamento base de licitación, IVE incluído, dun millón setenta e un mil oitocentos sesenta e catro euros con sesenta e nove céntimos (1.071.864,69 €).
- Informe sobre a aprobación provisional e próxima información pública do proxecto de trazado do itinerario peonil e ciclista na LU-234 (Ombreiro), cun orzamento base de licitación, IVE incluído, de oitocentos trinta e catro mil trescentos dezaseis euros con noventa e sete céntimos (834.316,97 €).

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Informe sobre a dermatose nodular contaxiosa.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO NOMEA A XIANA FERNÁNDEZ-ALBOR COMO PRESIDENTA DO PADROADO DO PARQUE NACIONAL MARÍTIMO-TERRESTRE DAS ILLAS ATLÁNTICAS DE GALICIA

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo que se nomea a Xiana Fernández-Albor como presidenta do Padroado do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia.

Xiana Fernández-Albor, ademais de licenciada en Ciencias Ambientais pola Universidade de Granada, é técnico superior en Xestión e organización dos recursos naturais e paisaxísticos pola Escola de Capacitación Técnica de Lourizán e ten un mestrado en Bioloxía da Conservación pola Universidade de Metropolitana de Manchester.

Durante a súa traxectoria, ademais de desenvolver unha ampla actividade como divulgadora e comunicadora ambiental, participou en varios grupos de investigación. En concreto, colaborou en traballos dirixidos pola Universidade de Bristol e o Instituto para a Conservación do Bosque Tropical en Uganda.

A maiores, tamén participou en varios proxectos relacionados, entre outras materias, coa contaxe e identificación de ictiofauna en ríos, coa conservación de cetáceos e a promoción da reciclaxe.

Xiana Fernández-Albor substitúe no cargo a Fernando Garrido Valenzuela.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA APROBA O NOMEAMENTO DE ROSA CRUJEIRAS COMO REITORA DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO

- Foi elixida pola comunidade universitaria nas eleccións do pasado 11 de marzo
- É a primeira muller en asumir esta responsabilidade en Galicia

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo que se nomea reitora da Universidade de Santiago de Compostela (USC) a profesora doutora Rosa María Crujeiras Casais. Este nomeamento prodúcese despois de que gañase as eleccións ao Reitorado o pasado 11 de marzo. Rosa Crujeiras sucede no cargo a Antonio López, que era reitor desde 2018. É a primeira muller na historia da Universidade en Galicia en asumir esta responsabilidade.

Nada en Artes (Ribeira) en 1978, é licenciada en Matemáticas e catedrática de Estatística e Investigación Operativa centrada no desenvolvemento de metodoloxía non paramétrica para a análise de datos en contextos complexos. Ao longo da súa carreira, desenvolveu unha intensa carreira docente e investigadora con numerosas publicacións e foi investigadora posdoutoral na Université catholique de Louvain (Bélxica).

A súa traxectoria foi recoñecida cos premios ao Novo Talento Científico Feminino 2023 pola Real Academia de Ciencias Exactas, Físicas e Naturais e, en 2024, xunto coas profesoras M. Alonso e I. Gijbels, recibiu o Premio á Mellor Contribución Metodolóxica en Estatística da Sociedade de Estatística e Investigación Operativa (SEIO) e da Fundación BBVA (FBBVA). Tamén ocupou distintos cargos na xestión universitaria, entre eles o de vicerreitora de Comunicación e Coordinación e o de directora científica do Centro de Investigación e Tecnoloxía Matemática de Galicia, CITMAga, no que estivo ata decembro de 2025.

A Xunta agradece a Antonio López o labor desenvolvido nestes últimos oito anos á fronte da USC, cunha actitude sempre disposta ao diálogo e á suma de vontades en prol da mellora do Sistema universitario de Galicia. Baixo o seu mandato foi posible, por exemplo, a acreditación da especialización do Campus Terra de Lugo, renovada recentemente, ou a posta en marcha das obras para construír unha nova facultade de Farmacia, entre outros fitos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA A LICITACIÓN DA NOVA CONCESIÓN DE TRANSPORTE REGULAR QUE INCORPORARÁ A LIÑA CONECTA ENTRE LUGO E FERROL CUN IMPORTE DE CASE 2,7 M€

- O contrato prolongarase ata 2030 e incorpora un autobús máis para incrementar máis de 1.400 circulacións ao ano
- Amplíase así a rede de autobuses interurbanos impulsada polo Goberno galego co obxectivo de reforzar as conexións directas entre as principais cidades de Galicia

O Consello da Xunta autorizou a licitación da nova concesión de servizo público de transporte regular de viaxeiros por estrada A Coruña-Ferrol- Ortigueira-Viveiro-Vilalba-Lugo, cun orzamento de case 2,7 millóns de euros. Na nova licitación prevese, por unha banda, a continuidade dos servizos actualmente prestados e, por outra, a introdución de melloras en varias liñas da concesión, así como tamén a creación da liña Conecta Ferrol-Lugo, con parada nas Pontes de García Rodríguez. Prevese que nos novos servizos viaxen unhas 8.500 persoas ao ano.

Amplíase así a rede de autobuses interurbanos impulsada polo Goberno galego co obxectivo de reforzar as conexións directas entre as principais cidades de Galicia e que se implantou por primeira vez hai un ano entre A Coruña e Lugo. O obxectivo é avanzar na mellora continua do transporte colectivo como elemento fundamental para progresar cara a un modelo de mobilidade sostible na comunidade.

A incorporación da nova liña Conecta entre Lugo e Ferrol, con parada nas Pontes de García Rodríguez, suporá un incremento de dous servizos directos por sentido ao día entre as ditas cidades, o que implica 1.408 servizos máis ao ano, mellorando a comunicación en autobús e contribuíndo a unha mobilidade máis eficiente, sustentable e accesible para a cidadanía. Así, de luns a venres disporase de tres servizos directos por sentido ao día, ás 6.30, 14.30 e 17.30 con saída dende Ferrol, e ás 6.30, 15.30 e 19.30 con saída dende Lugo, e haberá adicionalmente un servizo os venres lectivos ás 18.00 en dirección Ferrol e outro os domingos ás 20.00 cara a Lugo durante o curso universitario.

A parada intermedia nas Pontes de García Rodríguez estableceuse tras comprobar que máis de medio millón de desprazamentos anuais se realizan en vehículo privado entre Ferrol e As Pontes. Ademais, tamén se prolongará a actual liña Oza dos Ríos – Betanzos ata Curtis, e realizaranse algúns axustes horarios para atender peticións da cidadanía. Por outra banda, a nova concesión suma un vehículo máis á prestación do servizo que a anterior licitación, de xeito que serán 11.

A maiores destes municipios, a concesión, cuxa vixencia se prevé estender ata 2030, inclúe outros 58 concellos: A Capela, A Coruña, Aranga, As Somozas, Bergondo, Betanzos, Boimorto, Cabanas, Cedeira, Cerdido, Curtis, Fene, Frades, Mañón, Melide, Mesía, Moeche, Narón, Neda, O Pino, Oleiros, Ortigueira, Oza-Cesuras, Pontedeume, Sada, San Sadurniño, Santiago de Compostela, Santiso, Sobrado e Vilasantar, así como os

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

lugueses de Abadín, Barreiros, Begonte, Burela, Cervo, Chantada, Foz, Guitiriz, Lourenzá, Mondoñedo, Muras, O Vicedo, Ourol, Outeiro de Rei, Palas de Rei, Rábade, Ribadeo, Vilalba, Viveiro, Xermade e Xove. En Ourense a concesión atende os concellos da Peroxa, Carballedo, Coles, Ourense e Vilamarín, e en Pontevedra, Agolada e Lalín.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA MÁIS DE 1,8 M€ A CONVENIOS COA FEDERACIÓN DE PERSOAS XORDAS DE GALICIA, CON COGAMI E COAS ASOCIACIÓNS PARA A ATENCIÓN A PERSOAS CON PARÁLISE CEREBRAL

O obxectivo destes acordos e mellorar as condicións e a calidade de vida das persoas con discapacidade e das súas familias

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura de tres convenios de colaboración con outras tantas federacións do ámbito da atención ás persoas con discapacidade para este ano 2026: a Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia (FAXPG), a Federación Galega de Asociacións de Atención a Persoas con Parálise Cerebral (Aspace Galicia) e a Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (Cogami). O importe total destes tres acordos supera os 1,8 millóns de euros.

En concreto, a Xunta achega 909.826 euros de fondos propios para o financiamento dos servizos especializados dirixidos a persoas xordas, xordocegas e con discapacidade auditivas que desenvolve FAXPG. A través deste convenio, o Executivo autonómico financia o servizo de intervención social, o de intérpretes de lingua de signos española e de guías-intérpretes para persoas xordocegas, e o de formación, orientación educativa e atención a familias.

O convenio con Cogami permitirá seguir desenvolvendo os programas de coidados, tanto en centros como en domicilios, que ten esta confederación. O Goberno galego destina a este acordo 850.000 euros de fondos europeos no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia (*NextGenerationEU*). O obxectivo é mellorar as condicións e a calidade de vida das persoas con discapacidade, a través do fomento da súa autonomía persoal e de avanzar na súa plena inclusión social.

O terceiro dos acordos aprobados polo Consello ten unha contía de 96.122 euros de fondos propios da comunidade autónoma e é con Aspace Galicia, federación centrada na atención a persoas con parálise cerebral. Entre as actividades que a Xunta apoia con este convenio están a prestación de servizos de información e traballo social, de asesoramento legal, formación especializada sobre igualdade ao persoal das entidades que forman parte de Aspace Galicia, campañas de divulgación e sensibilización e formación e emprego para facilitar a integración sociolaboral das persoas con parálise cerebral e patoloxías afíns.

A finalidade deses convenios é garantir o labor e os servizos que presta o tecido asociativo en favor das persoas con discapacidade e das súas familias.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUMENTA ATA OS 312.000 EUROS A SÚA ACHEGA AO MANTENIMENTO DA CASA DE ACOLLIDA DE OURENSE DA FUNDACIÓN DE SOLIDARIEDADE AMARANTA

Incrementábase un 19% o convenio con esta entidade para o funcionamento deste recurso, que o ano pasado aloxou 26 mulleres vítimas de violencia de xénero e 20 menores

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun novo convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e a Fundación de Solidariedade Amaranta para o mantemento da casa de acollida que esta entidade ten en Ourense, que durante o ano pasado aloxou 26 mulleres vítimas de violencia de xénero e 20 menores. O importe deste acordo é de 312.000 euros, un 19% máis que o ano pasado.

Con este acordo, o Executivo autonómico garante a continuidade deste recurso de protección e asistencia integral fronte á violencia de xénero. A Xunta, a través de convenios coma este, tenta mellorar a resposta que se proporciona ás vítimas, ofrecéndolles un tratamento integral que abrangue aspectos psicolóxicos, educativos, sociolaborais e xurídicos, co obxectivo de que superen os efectos da violencia.

Este centro de Burela forma parte da Rede galega de acollemento para mulleres vítimas de violencia de xénero, que na actualidade conta con 84 prazas e está composta por oito recursos, incluído o Centro de recuperación integral para mulleres que sofren violencia de xénero (CRI), que actúa como centro coordinador.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DÁ LUZ VERDE ÁS OBRAS DE AMPLIACIÓN DO PARQUE EMPRESARIAL DE PALAS DE REI, QUE INCREMENTARÁ NUN 50% A SÚA SUPERFICIE CON 17 NOVAS PARCELAS

- A fase III do polígono conta cun orzamento de case 2,1 millóns de euros e prevese que os traballos poidan empezar no último trimestre deste ano
- O Goberno galego xa ten en marcha proxectos en tramitación ou urbanización que achegarán un 1,5 millóns de metros cadrados de solo empresarial á provincia de Lugo

O Consello da Xunta aprobou na reunión celebrada hoxe a licitación das obras de urbanización da fase III do Parque Empresarial de Palas de Rei (Lugo), que permitirán incrementar en 39.926 metros cadrados o solo industrial, un 52,9% da capacidade actual (75.473 m²), cun orzamento previsto de 2.048.251 euros.

A futura ampliación dotará o polígono de 17 novas parcelas, unha zona de equipamento, áreas verdes, unha rede viaria e aparcadoiro e os correspondentes servizos de abastecemento, saneamento, electricidade, telecomunicacións e iluminación. O Goberno galego trata de acelerar a construción da fase III desde parque empresarial coa previsión de que os traballos de urbanización, unha vez adjudicado o proxecto de ampliación, poidan comezar no último trimestre de 2026. Segundo esta planificación, as parcelas resultantes poderán comercializarse a finais do ano 2027.

Con esta actuación, a Xunta, a través de Xestur, atende a demanda de solo industrial na comarca da Ulloa, despois de que se esgotase a capacidade do parque empresarial de Palas de Rei, que na actualidade conta con 67 empresas, entre elas, algunhas firmas que, como Jim Sports Technology -especializada na elaboración e comercialización de material deportivo- xeran case un centenar de empregos directos.

En conxunto, as empresas asentadas no polígono rexistran unha facturación global de 108 millóns de euros e xeran máis de 430 postos de traballo directos, o 58,6% do emprego desta zona.

Meira e As Gándaras

Esta actuación complementa outros desenvolvementos urbanísticos de solo industrial que a Xunta de Galicia está a promover na provincia de Lugo, como son a tramitación dos instrumentos de planeamento (Peose) para a ampliación dos parques empresariais de Xove e O Corgo, a tramitación dos proxectos de urbanización para a ampliación do parque empresarial de Meira, así como as obras de execución para a ampliación do polígono das Gándaras, que conta con fases en execución e fases en tramitación do proxecto de urbanización. En total, na provincia de Lugo están en tramitación ou urbanización un millón e medio de metros cadrados de parques empresariais.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA LICITA O SERVIZO PARA GARANTIR O FUNCIONAMENTO E DISPOÑIBILIDADE DAS INFRAESTRUTURAS E PLATAFORMAS TECNOLÓXICAS DO SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO

- O Consello de Goberno autoriza a contratación deste servizo, cun orzamento de licitación de 6,7 millóns de euros e un valor estimado de 13,3 millóns de euros
- O contrato dará cobertura ás necesidades de mantemento, xestión, soporte especializado e evolución dos sistemas informáticos que sosteñen os servizos dixitais da Administración autonómica
- A empresa adxudicataria asumirá tarefas de instalación, configuración, actualización e mellora continua de elementos software e hardware, garantindo que estas Infraestruturas tecnolóxicas funcionen sen interrupcións, con seguridade e de forma eficiente as 24 horas do día

O Consello de Goberno da Xunta deu luz verde ao expediente de contratación do servizo de administración das infraestruturas e plataformas tecnolóxicas da Xunta xestionadas pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega). O contrato conta cun orzamento de licitación (IVE incluído) de 6,7 millóns de euros e un valor estimado de 13,3 millóns de euros, con cargo ás anualidades 2026, 2027 e 2028.

Esta contratación responde á crecente complexidade das infraestruturas tecnolóxicas da Administración autonómica, o que fai necesario complementar os medios propios con servizos especializados que garantan a correcta administración dos sistemas. Deste xeito, reforzarase a capacidade operativa para asegurar a continuidade e a calidade dos servizos dixitais públicos.

O servizo permitirá garantir o funcionamento dos servidores e sistemas informáticos, previr e resolver avarias ou caídas dos sistemas, monitorizar estes para que sexan seguros fronte a ataques ou fallos e actualizalos para que sigan sendo eficientes.

Entre as funcións da empresa adxudicataria figuran tamén a instalación, actualización, configuración e operación dos compoñentes hardware e software, así como a xestión da configuración dos sistemas, a administración de cambios, a realización de copias de seguridade e a atención de incidentes e solicitudes de servizo.

O equipo técnico contará con dispoñibilidade permanente as 24 horas os 7 días da semana para garantir a continuidade dos servizos. Neste contexto, o contrato inclúe tamén franxas de servizo especial para atender necesidades extraordinarias mediante a activación de tramos horarios específicos non fixos. Estes períodos poderán establecerse en función de intervencións programadas, picos de carga de traballo, actuacións técnicas singulares ou incidencias que requiran unha atención reforzada.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Ademais, a empresa prestará apoio técnico especializado en materia de arquitectura tecnolóxica, hardware e software, así como servizos de asesoramento, formación ao persoal e análise de posibles melloras tecnolóxicas relacionadas coa operativa e as infraestruturas xestionadas pola Amtega.

O prazo de execución é de 24 meses, que se poderá prorrogar por un prazo igual ou inferior. O valor estimado ten en conta as opcións contractuais de modificación e prórroga.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA LICITA POR MÁIS DE 4,9 M€ A OBRA DE CONSTRUCCIÓN DE 26 VIVENDAS DE PROMOCIÓN PÚBLICA EN TEO, CON FONDOS EXCLUSIVAMENTE AUTONÓMICOS

- A este investimento hai que sumar os preto de 210.000 euros da adxudicación do contrato de redacción do proxecto e dirección de obra
- Todas as vivendas construídas serán de promoción pública e terán cualificación permanente
- As vivendas construíranse nunha parcela cedida polo Concello de Teo, no que existe un segundo proxecto en marcha con outras 36 vivendas de promoción pública

O Goberno galego construírá 26 vivendas de promoción pública na zona das Galanas, no concello de Teo, cun investimento próximo aos 5 millóns de euros, segundo acordou hoxe o Consello da Xunta.

As vivendas construíranse nunha parcela cedida de balde polo Concello de Teo e segundo o proxecto redactado por Sabín Blanco Arquitectos.

En total construíranse 13 vivendas de dous dormitorios, 10 de tres dormitorios e tres de catro dormitorios. Unha das vivendas de dous dormitorios estará adaptada para o uso por persoas con mobilidade reducida.

A obra licítarase por un importe de 4.927.128,41, aos que hai que sumar os 207.116,91 euros en que se adxudicou o contrato de redacción do proxecto e dirección de obra. O financiamento corresponde na súa totalidade á Xunta de Galicia, sen existir cofinanciamento con fondos europeos ou estatais.

A Xunta de Galicia desenvolve un segundo proxecto para a construción de 36 vivendas de promoción pública noutra parcela cedida polo Concello na Ramallosa. Neste caso licítouse o pasado 10 de marzo a redacción do proxecto, dirección de obra e obra de construción das vivendas por importe de preto de 8,8 millóns de euros.

Todas as vivendas construídas serán de promoción pública e terán cualificación permanente.

Infografías da nova promoción:

INFORMACIÓN AOS MEDIOS



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA LICITA POR MÁIS DE 3,2M€ A OBRA DE CONTRUCCIÓN DE 17 VIVENDAS DE PROMOCIÓN PÚBLICA EN LALÍN, CON CUALIFICACIÓN PERMANENTE E CON FONDOS AUTONÓMICOS

- Estas vivendas construíranse nunha parcela cedida polo concello de Lalín
- Executáranse 10 vivendas de dous dormitorios, seis de tres dormitorios (unha delas adaptada para o seu uso por persoas con mobilidade reducida), e unha de catro dormitorios

O Goberno galego construírá 17 vivendas de promoción pública no concello de Lalín, cun investimento próximo aos 3,3 millóns de euros, segundo acordou hoxe o Consello da Xunta.

As vivendas construíranse nunha parcela cedida de balde polo concello de Lalín e segundo o proxecto redactado por Germán Gómez Espejo.

O inmovible contará cun soto para garaxe, planta baixa destinada a unha vivenda adaptada para persoas con mobilidade reducida, rochos e cuartos de servizos e tres plantas máis destinadas a vivendas.

En total construíranse 10 vivendas de dous dormitorios, seis de tres dormitorios (unha delas adaptada para o seu uso por persoas con mobilidade reducida), e unha de catro dormitorios.

A obra licítase por importe de 3.278.227,07 € aos que hai que sumar os 118.580 euros nos que se adjudicou o contrato de redacción do proxecto e dirección de obra. O financiamento corresponde na súa totalidade á Xunta de Galicia, sen existir cofinanciamento con fondos europeos ou estatais.

Todas as vivendas construídas serán de promoción pública e terán cualificación permanente.

Infografía das novas vivendas:

INFORMACIÓN AOS MEDIOS



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINARÁ 5,3 M€ Á ADQUISICIÓN DE VACINAS FRONTE AO PNEUMOCOCO PARA MANTER O CALENDARIO DE INMUNIZACIÓN MÁIS COMPLETO DO MUNDO

- O titular do Goberno galego sinala que a vacinación está indicada para bebés aos 2, 4 e 6 meses, cun recordo aos 11 meses
- A infección por *streptococcus pneumoniae* pode producir enfermidades graves como pneumonía, meninxite ou sepse
- Salienta que Galicia conta con coberturas vacinais superiores á media do Estado, do 97 % na infancia con pauta completa e dose de recordo
- Tamén se ofrece ao cumprir 65 anos e a determinados grupos de risco
- O Goberno galego ampliará proximamente o calendario de vacinación e incorporará unha nova vacina fronte ao meningococo B para adolescentes aos 12 anos

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou hoxe que o Consello, na súa reunión semanal, autorizou a subministración sucesiva, por importe de 5.392.816 euros, da vacina 20 valente fronte ao pneumococo, que forma parte do calendario galego de vacinación, “o máis completo do mundo”.

Segundo informou o titular do Executivo autonómico, está previsto adquirir 110.000 doses para cubrir as necesidades de vacinación fronte ao pneumococo por 12 meses. O valor estimado do contrato ascende a 16.593.280 euros, en caso dunha posible prórroga, máxima de dous anos, e dunha eventual modificación do contrato inicial do 20 %.

O programa galego de vacinación inclúe no seu calendario a vacina antipneumocócica conxugada de 20 serotipos para a prevención da enfermidade invasiva e pneumonía causada pola bacteria *streptococcus pneumoniae*. A infección por esta bacteria produce desde enfermidades leves do tracto respiratorio superior ata formas graves como pneumonía, meninxite ou sepse. Estas formas graves da enfermidade, aínda que menos frecuentes, xeran unha maior morbimortalidade, é dicir, unha maior posibilidade de falecemento a causa da patoloxía.

A vacinación fronte á enfermidade pneumocócica diminúe a morbimortalidade, especialmente pola enfermidade pneumocócica invasiva, e tamén contribúe a reducir a necesidade de antibióticos e as súas resistencias.

A vacina obxecto do contrato, a diferenza de formulacións anteriores, provoca memoria inmunolóxica e tamén induce á inmunidade local a nivel das mucosas, polo que diminúe a colonización nasofarínxea e repercute na menor transmisión da enfermidade.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Rueda sinalou que está indicada para bebés aos 2, 4 e 6 meses, ademais dun reforzo aos 11 meses. En adultos, vacínanse as persoas cando cumpren 65 anos e tamén determinados grupos de risco como pacientes inmunocomprometidos, con neoplasias hematolóxicas, con síndrome de Down ou enfermidade hepática crónica grave como cirrose.

O presidente destacou que Galicia conta con datos de cobertura "superiores á media estatal". No que respecta á infancia, chega ao 97 % nos nenos e nenas con pauta completa e dose de recordo. En canto ás persoas de 65 anos, a cobertura é do 52,6 %.

Ampliación do calendario

Tal e como anunciou o presidente da Xunta no Pleno do Parlamento, Galicia ampliará proximamente o calendario de vacinación infantil da sanidade pública. Ademais das dúas vacinas actuais contra a meninxite, proximamente incluírase unha nova vacina fronte ao meningococo B, que se administrará aos adolescentes cando cumpran 12 anos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA O INVESTIMENTO DE 3,1 M€ NA CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE IMPLANTES DE COLUMNA PARA A ÁREA SANITARIA DA CORUÑA E CEE

- O Executivo galego adquirirá preto de 10.000 unidades entre conectores, placas, parafusos e outros elementos necesarios para a asistencia das lesións cervicais, torácicas e lombares
- O contrato terá unha duración inicial de dous anos, recollendo unha posible prórroga por 24 meses máis
- As lesións de columna constitúen un problema cada vez máis frecuente debido ao paso dos anos, os accidentes, os sobreesforzos e as malas posturas no día a día

O Consello da Xunta autorizou esta mañá a contratación da subministración sucesiva de implantes de columna e instrumentación necesaria para a súa implantación con destino á Área Sanitaria da Coruña e Cee. O Executivo galego destinará unha partida de 3.118.997 euros para levar a cabo a abordaxe asistencial das lesións cervicais, torácicas e lombares.

O contrato terá unha duración inicial de dous anos, prevendo unha posible prórroga por outros dous anos máis. Neste caso, o contrato acadaría un valor estimado de 6.237.994 euros.

O Executivo galego adquirirá preto de 10.000 unidades entre conectores, barras, mallas, parafusos e outros elementos necesarios para a asistencia das lesións cervicais, torácicas e lombares. O expediente tamén inclúe a compra de placas cervicais, espazadores intersomáticos, sistemas de implantes para deformidades e fracturas do adulto e sistemas de implantes para columna dexenerativa, entre outros.

As lesións de columna constitúen un problema que cada vez afecta máis xente debido ao paso dos anos, os accidentes, sobreesforzos e malas posturas no día a día. A cirurxía de columna descomprime, mobiliza os elementos e fixa estruturas vertebrais, recuperando a estabilidade do paciente e corrixindo a aliñación das vértebras.

Cómpre remarcar que na cirurxía de columna, dependendo da propia organización dos servizos de Neuroloxía e Traumatoloxía, aínda que se trata de servizos diferenciados, en moitos hospitais comparten equipamentos, dado que en ocasións as intervencións poden ser realizadas indistintamente por uns ou outros facultativos.

Deste xeito, dótanse estes servizos da Área Sanitaria da Coruña e Cee do instrumental necesario para que se poidan desenvolver a súa actividade programada, aproveitando ao máximo os tempos de quirófano e, xa que logo, garantindo a calidade asistencial no Servizo Galego de Saúde.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA MÁIS DE 687.000 EUROS A RENOVAR A COLABORACIÓN CON ALCER PARA O TRASLADO DE PACIENTES ENFERMOS DE RIL AOS CENTROS DE HEMODIÁLISE NA PROVINCIA DE LUGO

- O Consello da Xunta autorizou esta mañá a sinatura do acordo de colaboración polo que a Administración autonómica fai esta achega para a cobertura dos desprazamentos destes pacientes durante un ano
- O investimento da Xunta para este fin increméntase en preto de 15.000 euros con respecto do ano anterior
- Este servizo traslada unha media de ao redor de 160 pacientes ao mes, realiza 55 rutas e máis de 70.000 quilómetros de media cada 30 días

O Consello da Xunta autorizou a sinatura dun novo convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Asociación de Enfermos de Ril (Alcer), por importe de 687.431 euros, para a xestión e coordinación da cobertura do servizo de traslado das persoas afectadas por insuficiencia renal crónica aos centros de hemodiálise da provincia de Lugo.

O obxectivo deste convenio é simplificar as prestacións por desprazamento dos pacientes da rede sanitaria pública na Área Sanitaria de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos. Deste xeito, evítase aos pacientes a necesidade de que teñan que solicitar o reintegro de gastos polos custos dos seus traslados para recibir o tratamento.

A cantidade do novo convenio increméntase en preto de 15.000 euros (2,1 %), respecto do destinado polo Goberno galego no anterior acordo.

O convenio autorizado hoxe terá una duración dun ano desde o momento da súa formalización. Poderá ser prorrogado por períodos anuais ata un máximo de tres anos.

160 pacientes ao mes

Alcer ten como obxectivo mellorar as condicións de vida do colectivo de enfermos de ril na provincia de Lugo. Entre outras actividades, encárgase da xestión do traslado dos pacientes aos centros sanitarios para recibir tratamento de hemodiálise.

Deste xeito, os pacientes que precisen acudir aos diferentes centros da provincia para seren tratados con hemodiálise serán trasladados en taxi ou, se así o require a súa condición clínica, en ambulancia.

Con datos do ano 2025, este servizo sanitario traslada unha media mensual de ao redor de 160 pacientes, realizando 55 rutas e unha media de máis de 70.000 quilómetros cada 30 días. O número de visitas de cada un dos pacientes sometidos a tratamento de hemodiálise ao centro asistencial estímase en 156 por ano.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA IMPULSA CO PARLAMENTO E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO A MELLORA DOS RECURSOS XURÍDICOS EN GALEGO COA OPTIMIZACIÓN DO PORTAL LEX.GAL

- O Consello dá luz verde á sinatura do convenio que renova o último, do ano 2022, para ampliar os contidos da plataforma a través da intelixencia artificial
- O proxecto conta cun investimento de 513.563€ ata 2029, dos que o Goberno autonómico achega máis de 100.000€
- A plataforma conta con máis de 4.300 normas publicadas en lingua galega e preténdese actualizar anualmente con entre 60 e 80 entradas novas
- A optimización deste proxecto vai en consonancia coas liñas definidas no Pacto pola lingua, no que a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude pon o foco especialmente no prestixio e uso do idioma na Administración pública e, nomeadamente, na xustiza

O Consello da Xunta deu luz verde hoxe á sinatura dun convenio de colaboración para levar a cabo a ampliación de contidos e a optimización da tecnoloxía do portal xurídico [Lex.gal](https://lex.gal), onde se atopa unha completa base de datos coa lexislación ditada pola Comunidade Autónoma en lingua galega. Así, renóvase o último acordo, de 2022, entre a Xunta de Galicia, o Parlamento de Galicia e a Universidade de Santiago de Compostela, cun investimento total de 513.564€ ata o 2029, dos que o Goberno galego achega 105.806€.

En concreto, con esta colaboración preténdese que a través da aplicación da intelixencia artificial se desenvolva unha ampliación dos contidos das seccións actuais da plataforma, así como a creación de novas epígrafes, mellorando tamén o seu soporte coa identificación e solución das cuestións xurídicas esenciais para o seu funcionamento. Todo isto coa intención de deseñar e implementar unha estratexia de mellora da visibilidade do portal e do seu impacto social, propiciando que a sociedade coñeza e teña un acceso doado a este importante recurso xurídico en galego.

Deste xeito, estimase que serán incluídas anualmente en Lex.gal, sempre dependendo da produción normativa, entre 6 e 10 normas con rango de lei, ao redor de 40 e 60 disposicións administrativas de carácter xeral e unhas 15 sentenzas na área da xurisprudencia. Nesta liña, cómpre lembrar que desde a posta en marcha da iniciativa, en 2016, o portal conta cun total de 4.363 normas publicadas. Así, foron incluídas e actualizadas na rede máis de 480 normas galegas con rango de lei e máis de 3.800 disposicións administrativas de carácter xeral.

Ao abeiro deste convenio, o Goberno galego, a través da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, asume o compromiso de elaborar, organizar e actualizar a versión consolidada dunha colección de lexislación estatal constituída polos textos lexislativos que resultan máis susceptibles de consulta. Entre outros aspectos, tratará de compilar e agrupar nun só arquivo a lexislación publicada en galego no BOE e de actualizar lingüisticamente e corrixir os textos legais de acordo coas vixentes normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Mentres, desde a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude participárase activamente na elaboración da base de datos de lexislación galega contribuíndo á difusión e divulgación do portal e colaborando nas tarefas de corrección e supervisión lingüísticas que lle poidan ser solicitadas.

Pola súa parte, a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia xestionará o sistema de información que dá soporte ao portal xurídico e colaborará no deseño e instauración da tecnoloxía necesaria para mellorar o seu rendemento e a súa operatividade.

Por outro lado, o Parlamento de Galicia asume, entre outras cuestións concretas, as tarefas de coordinación xeral e de sede operativa do proxecto. Así mesmo, a Universidade de Santiago de Compostela será a que estea a cargo da dirección científico-técnica, supervisando o funcionamento xeral da plataforma e o seus contidos.

O ámbito da xustiza no Pacto pola lingua

A mellora e optimización do portal Lex.gal vai en consonancia coas liñas de actuación definidas no Pacto pola lingua, no que a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude fai especial fincapé no ámbito da Administración pública e, nomeadamente, no da xustiza. Neste senso, relacionado cos procesos legais, cómpre lembrar que desde a Xunta xa se colabora neste ámbito coa posta en marcha de cursos de formación específicos para favorecer o uso da lingua galega entre o persoal deste eido, ao que se lle suma o impulso de ferramentas como a mencionada plataforma xurídica en galego ou o traballo para garantir que o novo sistema procesual do Ministerio de Xustiza, Atenea, estea dispoñible tamén en lingua galega.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESEÑA CO NOVO PLAN DE IMPULSO DA REDE DE MERCADOS EXCELENTES DE GALICIA A FOLLA DE RUTA PARA ACADAR OS 25 ESPAZOS CON ESTE SELO DE CALIDADE EN 2030

- O Consello de Goberno aprobou hoxe este plan que aposta por un cambio de modelo co fin de fomentar a excelencia e calidade das prazas de abastos galegas, cun investimento autonómico inicial superior aos 23 M€ deica o ano 2030
- O documento establece apoios autonómicos de ata o 70 % para promover cos concellos reformas ou melloras de gran calado nos mercados, na liña do avanzado en febreiro coa Deputación de Ourense e sempre que cumpran os requisitos establecidos
- Así, deben ter ordenanza municipal actualizada da praza de abastos, situación central en zona comercial, diagnose coas melloras para ser Mercado Excelente, proxecto de reforma coherente e financiamento municipal dun mínimo do 30 % para as obras
- Tamén se valorará a localización en casco urbano histórico ou singular, que conte cun proxecto especial de dinamización como Vilas Vivas, que dispoña dun produto local que sirva de motor económico, así como dun potencial turístico de grande interese
- Enmarcado no Plan estratéxico do comercio 2025-2030, o plan busca consolidar unha Rede de Mercados Excelentes que respondan aos retos de modernización e innovación, reclamando ao Goberno central maior colaboración e asignación de fondos europeos

O Consello da Xunta aprobou hoxe o Plan de impulso da Rede de Mercados Excelentes de Galicia, a follla de ruta autonómica que —no marco do Plan estratéxico do comercio 2025-2030 e cun investimento inicial superior aos 23 M€— rexerá a colaboración coas entidades locais de cara a dar pulo á calidade e excelencia das prazas de abastos, destacados non só por ser puntos neurálxicos da comercialización de produtos frescos de proximidade, senón tamén por concentrar actividades complementarias que inciden de xeito decidido na dinamización das vilas e cidades galegas. Apostando por un cambio de modelo que pon o foco no impulso da Rede de Mercados Excelentes de Galicia, o plan establece apoios por parte da Xunta de ata o 70 % co gallo de promover obras de reforma, mellora ou modernización nas instalacións que aspiren a obter o selo de Mercado Excelente, co obxectivo de acadar 25 espazos con este distintivo no horizonte de 2030.

O plan permitirá reafirmar as prazas de abastos como eixes e motores do comercio local, co fin de consolidalo como sector vital para a vertebración do territorio e o crecemento económico. Farao adaptando as instalacións ás necesidades tanto das persoas comerciantes como das consumidoras, posibilitando o aumento dos servizos prestados á clientela e a adaptación aos novos hábitos de compra e tendencias do mercado.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O obxectivo é seguir fortalecendo e consolidando unha Rede de Mercados Excelentes de Galicia dirixida a recoñecer as prazas de abastos que están a responder de xeito destacado aos retos de modernización e innovación, sen perder nin a súa autenticidade e tradición nin a súa proximidade e trato personalizado. O distintivo –co que xa contan os mercados de Tomiño, Vilagarcía de Arousa, Pontedeume e Carballo e do que se veñen de actualizar e simplificar os criterios para a súa obtención e renovación– permite a estes espazos diferenciarse e identificarse coa calidade e co prestixio, potenciar a súa actividade comercial e incrementar o seu atractivo e interese turístico.

Requisitos do Plan

O plan aprobado hoxe busca promover –da man das entidades locais– reformas ou melloras de gran calado nas instalacións ou infraestruturas das prazas de abastos, con vistas á súa transformación en Mercados Excelentes. Para beneficiarse del, as prazas non só deben aspirar ao selo de calidade, senón tamén cumprir unha serie de requisitos. Primeiro, deben dispoñer dunha ordenanza municipal actualizada da praza de abastos e estas instalacións deben estar situadas nunha zona comercial na que destaque o inmovible da praza polo seu valor patrimonial. O mercado debe contar tamén cunha diagnose de situación e usos na que se determinen os aspectos que deben ser mellorados para acadar a excelencia (un requisito que cumpren 46 das 95 prazas de abastos galegas grazas ao pulo das axudas autonómicas) e cun proxecto de reforma que sexa coherente coas directrices establecidas nesa diagnose. Por último, debe conseguirse unha achega municipal dun mínimo do 30 % para financiar as obras e actuacións de mellora necesarias.

A maiores, valorarase a concorrencia dos seguintes criterios no concello no que estea a praza: que conte cun casco urbano histórico ou singular e cun plan especial de dinamización e/ou recuperación para impulsar e recuperar a actividade comercial, turística, social e económica (Área Rexurbe, Vilas Vivas, etc.). Tamén que dispoña dun produto que sirva de motor da economía local e que teña reservado na praza un espazo de promoción e venda, así como dun potencial turístico de grande interese.

Compromiso da Xunta

O plan de impulso da Rede de Mercados Excelentes de Galicia avanza no camiño iniciado en febreiro coa Deputación de Ourense, coa que se asinou un protocolo de colaboración que busca dar pulo ás prazas de abastos desa provincia. Ao tempo, dá pé a seguir reclamando ao Goberno central maior colaboración e asignación de fondos europeos para impulsar o comercio local.

Cómpre engadir que o plan se reforzará con campañas de sensibilización e dinamización e con iniciativas como Prato de Mercado, que seguirá potenciando en vindeiras datas a promoción das prazas de abastos como referentes do produto fresco de proximidade a través da cociña galega, poñendo en valor a estreita conexión das persoas profesionais da gastronomía e da hostalería cos mercados na procura dun produto de calidade.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APOIA A CONXEMAR NA PROMOCIÓN E IMPULSO DA COMPETIVIDADE DA INDUSTRIA TRANSFORMADORA DOS PRODUTOS DO MAR

- As dúas entidades asinarán un convenio dotado cun investimento total de 460.000 €, financiados ao 50 %
- Permitirá o desenvolvemento dun plan para promover o consumo destes produtos e outras medidas destinadas a enxalzar a cadea de valor, tales como *showcookings*, *ConxemarFest Fish&Hit*, *Conxemar Tapas* e *Conxemar Lab*

A Consellería do Mar e a Asociación Española de Maioristas, Importadores, Exportadores e Transformadores de Produtos da Pesca e da Acuicultura (Conxemar) unen esforzos na promoción e mellora da comercialización dos produtos do mar conxelados. Será a través do convenio de colaboración autorizado hoxe polo Consello da Xunta e que permitirá o desenvolvemento de distintas accións encamiñadas ao impulso deste tipo de produtos derivados da pesca, o marisqueo e a acuicultura.

Esta colaboración estará vixente desde a sinatura ata o 30 de novembro de 2026 e conta cunha achega de 460.000 euros, ao 50 %, entre o Goberno galego e de Conxemar co-financiados, no caso do Administración autonómica, co Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (Fempa).

Con ese orzamento desenvolveranse distintas iniciativas de promoción e difusión co fin de favorecer que Galicia manteña o liderado no territorio nacional. Deste xeito, unha das accións previstas é a posta en marcha dun plan divulgativo para promover o consumo destes produtos, así como a execución doutras medidas para enxalzar a cadea de valor do sector pesqueiro.

Neste último caso, inclúense *showcookings* en distintos eventos de interese para a cadea mar-industria, ademais do apoio económico para o certame musical *ConxemarFest Fish&Hit*, o concurso *Conxemar Tapas* e *Conxemar Lab*, o centro interactivo creado para escolares e que, dun modo didáctico, demostra que o crecemento e a innovación poden ir da man da sustentabilidade e do compromiso social.

A industria en cifras

Galicia é líder na transformación e conservación dos produtos procedentes do mar. A comunidade achega máis do 50 % da facturación do sector de produtos do mar conxelados a nivel nacional e aglutina tamén máis da metade das empresas do sector.

Neste contexto, as 256 empresas que forman parte de Conxemar xeran máis de 12.250 millóns de euros e máis de 21.200 empregos directos, o que representa o 82 % da facturación da industria do conxelado en España.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INICIARÁ ESTE ANO A CONSTRUCCIÓN DO CENTRO DE PROTECCIÓN ANIMAL DE GALICIA E AVANZA NA POSTA EN MARCHA DOS CINCO PRIMEIROS PARQUES CANINOS URBANOS

- Xa está redactado o proxecto de obra do que será o primeiro centro destas características de titularidade autonómica, cuxa execución comezará ao longo dos próximos meses cun orzamento estimado que rolda os 4,5 M€
- Logo de rematar en 2025 a execución do parque canino de Ferrol, está en redacción o proxecto de obra do de Lugo e en breve subscribirase un acordo de colaboración co Concello de Pontevedra para materializar o proxecto xa redactado para esta cidade
- No caso de Santiago de Compostela, estase a analizar a proposta realizada polo Goberno municipal, mentres que en Ourense se retomará a avaliación e a tramitación das actuacións necesarias unha vez que o Concello concrete unha proposta nova de localización
- A maiores do compromiso inicial de dotar de parques caninos as sete grandes cidades galegas, a Xunta está avaliando a posibilidade de facer extensiva esta iniciativa a outros concellos interesados, como os de Oroso e Ribeira

Galicia segue avanzando no impulso de medidas orientadas á protección efectiva dos animais de compañía e á loita contra o maltrato e o abandono. Con tal fin, a Xunta comezará este ano as obras de construción do Centro de Protección Animal de Galicia, o primeiro de carácter autonómico e baixo a titularidade do Goberno galego. Ademais, trala execución en 2025 do parque canino de Ferrol, en 2026 está previsto comezar a construción dos proxectados en Pontevedra, Lugo, Santiago de Compostela e Ourense.

Cun orzamento estimado inicialmente en 4,5 millóns de euros —cofinanciados con fondos europeos do programa Feder Galicia 2021-2027—, a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático xa dispón dun proxecto construtivo para as futuras instalacións do centro autonómico, que estará localizado nunha parcela de preto de 24.000 metros cadrados na zona de reestruturación parcelaria de Fisteus, no concello de Curtis. A previsión é que as obras poidan empezar nos próximos meses.

Tal e como se recolle no informe presentado hoxe no Consello, coa creación do Centro de Protección Animal de Galicia búscase ter a nivel autonómico unha infraestrutura de referencia que permita dar os coidados e atención necesarios para garantir o benestar daqueles animais de compañía obxecto de comiso ou intervención durante procesos administrativos e xudiciais relacionados coa protección animal, así como ofrecer apoio a concellos pequenos e cunha capacidade económica e estrutural máis limitada.

O centro en si terá unha superficie construída duns 2.300 metros cadrados con capacidade para albergar uns 300 cans e 200 gatos e incluírá, entre outras dependencias, áreas para corentena, maternidade, illamento infeccioso, hospitalización, animais agresivos ou mantemento habitual de exemplares. A maiores, haberá un módulo

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

veterinario con consulta específica de gatos e dúas de cans, sala de hixiene, un quirófano e unha sala de radioloxía. O complexo completárase cunha área administrativa.

Á construción deste centro de acollida de animais autonómico sumarase tamén este ano a posta en marcha dos primeiros parques caninos urbanos de Galicia froito da colaboración entre a Xunta e os concellos, unha das medidas comprometidas polo Executivo autonómico para seguir avanzando en materia de benestar animal na presente lexislatura e para a que só este ano hai reservada unha partida de 400.000 euros.

O primeiro construído, en 2025, é o de Ferrol, que tamén foi o primeiro concello que manifestou o seu interese por sumarse a esta iniciativa e asinou coa Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático o correspondente protocolo de colaboración. No marco deste convenio, a obra executouse o ano pasado na zona de Catabois, ocupando unha superficie de 2.228 metros cadrados, e contou cun investimento de 68.308 euros.

Outra das iniciativas máis avanzadas é o parque canino da cidade de Pontevedra, que xa conta cun proxecto redactado e para cuxa execución asinarán proximamente un acordo ambas as administracións. Localizado na zona da Parada, o investimento previsto por parte da Xunta para a súa construción é de 99.772 euros.

Así mesmo, o proxecto do futuro parque canino de Lugo –cun investimento inicial estimado en 130.000 euros– está en redacción e agárdase poder telo rematado este mesmo mes. A parcela seleccionada polo concello está dentro do parque San Xillao, na Ronda das Fontiñas, e ocupará unha superficie de arredor de 3.700 metros cadrados.

En canto a Santiago, recibíuse unha proposta municipal cos terreos e a localización para o futuro parque que nestes momentos está a ser analizada por parte da consellería como paso previo a encargar o proxecto; e no caso da cidade de Ourense, xa hai un protocolo asinado entre o Concello e a Xunta pero a parcela inicialmente proposta foi descartada pola propia Administración local, de modo que nestes momentos estase á espera de que o Concello propoña un lugar alternativo para retomar os trámites.

Por último, os concellos de Vigo e A Coruña non se puxeron en contacto coa Xunta no día de hoxe para trasladar o seu interese en participar no programa autonómico para dotar as sete grandes cidades galegas dun parque canino de referencia.

Posible colaboración con concellos máis pequenos

Cómpre lembrar que a Xunta tomou a decisión de promover este tipo de infraestruturas nas sete grandes cidades galegas, en colaboración cos concellos, para facilitar o desenvolvemento das obrigas dos propietarios de animais de compañía e tendo en conta que este tipo de urbes, ao concentraren máis poboación, teñen unha maior necesidade de espazos acondicionados para que os cans poidan transitar en liberdade e con seguridade, baixo a supervisión dos seus coidadores, e socializar á vez con outros animais, reforzando así a atención, coidado e benestar dos animais de compañía.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

En todo caso, ante o interese amosado nos últimos meses por outros concellos de menor tamaño por este tipo de infraestruturas, a Xunta está avaliando a posibilidade de facer extensiva esta iniciativa a máis municipios de Galicia.

Polo momento, os concellos de Oroso e de Ribeira, ambos na provincia da Coruña, xa se dirixiron formalmente á consellería para trasladarlle as súas propostas para poñer un parque canino á disposición da súa veciñanza.

Avanzar no benestar dos animais domésticos

Entre as medidas ás que se lles dará continuidade neste eido, cómpre lembrar que a consellería mantén un ano máis o seu apoio aos concellos e asociacións protectoras para o coidado, manutención e atención dos animais domésticos de compañía abandonados, así como para o fomento das adopcións entre a cidadanía.

En concreto, convocou a finais do ano pasado dúas ordes dotadas dun orzamento total de 1,33 millóns de euros. No caso das achegas dirixidas ás entidades locais, cunha partida asignada para 2026 de 850.000 euros, cubriranse gastos relacionados coa esterilización cirúrxica, a identificación mediante microchip, o pasaporte sanitario e a inscrición dos exemplares ao seu cargo no Rexistro galego de identificación de animais de compañía (Regiac), así como tamén os custos derivados da súa alimentación, vacinación preventiva e desparasitación, entre outras medidas profilácticas.

En canto á liña para asociacións protectoras ou que xestionen algún centro de recollida autorizado en Galicia –dotada de 480.000 euros–, poderán solicitar axudas para cubrir calquera dos gastos xa mencionados e, a maiores, para comprar o material e medios que necesiten para garantir a xestión e o manexo dos animais ao seu cargo –por exemplo, remolques de transporte, software, dispositivos electrónicos para optimizar a xestión do centro ou equipamento veterinario non consumible, entre outros–.

Por último, a Xunta segue apostando polo fomento das adopcións coa publicación, por terceiro ano consecutivo, dunha liña de axudas dirixida a particulares co fin de cubrir os primeiros gastos sanitarios e de identificación de cans e gatos acollidos nalgún dos centros e protectoras autorizados en Galicia. Cun orzamento global de 25.000 euros, as achegas –ata un máximo de 150 euros por can ou de 125 euros se se trata dun gato– cubrirán as adopcións realizadas entre o 1 de outubro de 2025 e o 31 de agosto de 2026.

Ben que aínda se está lonxe de erradicar o abandono e maltrato animal, a sociedade galega avanza cara a unha maior sensibilización sobre a tenza responsable grazas, en boa parte, á Lei de protección e benestar dos animais de compañía en Galicia aprobada en 2017, unha norma pioneira que combate o maltrato en calquera das súas formas e promove o abandono cero mediante a adopción e a concienciación da sociedade.

Ademais, a publicación en 2023 da Lei de protección dos dereitos e o benestar dos animais estatal introduciu novidades relacionadas coas obrigas neste eido das entidades

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

locais, polo que desde a Xunta se considera necesario acompañar este desenvolvemento normativo mantendo o seu apoio tanto aos concellos como ás entidades protectoras que operan na Comunidade, incidindo á vez na educación e sensibilización da poboación.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA REFORZA O MODELO HÍBRIDO EN E-DIXGAL COA INCORPORACIÓN DE NOVOS MATERIAIS DIDÁCTICOS EN PAPEL

- A Consellería de Educación licitará este mes un novo contrato, por un importe de máis de 1,1 M€, para adquirir contidos, deseñados e impresos por editoriais en formato físico, que estarán dispoñibles nos centros desde o vindeiro curso
- Beneficiarán deste material máis de 25.000 alumnos de 5º e 6º curso de Primaria integrados nesta iniciativa educativa ao longo dos próximos dous cursos
- Os centros disporán de fichas didácticas, fichas de ampliación e repaso e fichas de actividades prácticas adaptadas aos distintos niveis e áreas do currículo
- Cada aula terá un moble contedor con todos os recursos organizados e con copias suficientes para traballar en grupos de cinco alumnos como mínimo
- Proporcionarase tamén elementos coma lupas, termómetros, báscula, cintas métricas, cronómetros, regletas, figuras xeométricas, mapas, moedas e xogos didácticos
- O Goberno galego avanza así na segunda fase de mellora deste programa, logo de reforzar os libros en papel o pasado setembro de xeito equilibrado coa tecnoloxía

A Xunta de Galicia avanza na segunda fase de reforzo do modelo de ensino híbrido no programa E-Dixgal iniciada o pasado curso. Para iso, vai dar un novo paso coa incorporación de recursos educativos impresos e material didáctico en formato físico. Con esta finalidade, a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP licitará este mes un contrato por un importe de máis de 1,1 millóns de euros co obxectivo de adquirir estes contidos deseñados por empresas editoriais e que se porán á disposición dos centros que forman parte desta iniciativa a partir do vindeiro curso escolar 2026/27.

O obxectivo é combinar nas aulas en equilibrio ferramentas dixitais e analóxicas, apostando por un modelo complementario que aproveite as potencialidades de todos os recursos e minimize os riscos asociados ao uso da tecnoloxía nos máis novos.

E-Dixgal é un programa voluntario, ao que os centros se adhiren ou se dan de baixa con autonomía, que se inicia en 5º de Primaria, e este será o curso onde se incorporen os primeiros contidos en papel o próximo ano académico. Continuará o curso seguinte en 6º de Primaria. Así pois, no período de dous anos de implantación dos novos materiais físicos, está previsto que se beneficien deles máis de 25.000 alumnos do cen por cen dos centros E-Dixgal que imparten educación primaria. Cómpre recordar que, xa o pasado mes de setembro, estes cursos incorporaron o libro de texto, que os estudantes empregan de xeito simultáneo co ordenador e os recursos dixitais.

Tipos de fichas dispoñibles

Estes novos recursos en soporte papel abranguen fichas didácticas, fichas de repaso e ampliación e fichas empíricas de actividades prácticas, todas adaptadas aos distintos

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

niveis e ás áreas do currículo. Isto é, Ciencias da Natureza e Ciencias Sociais, Lingua Castelá e Literatura, Lingua Galega e Literatura, Lingua Estranxeira e Matemáticas.

No caso das fichas didácticas, o seu contido abarcará diferentes tipos de actividades de comprensión, produción escrita, razoamento lóxico e análise, actividades de carácter creativo, de investigación e de gamificación, empregando os xogos como ferramenta didáctica. Estas fichas estarán en formato reutilizable e inclúen material gráfico e solucións accesibles mediante QR.

As fichas de repaso e ampliación correspondentes a cada bloque de contidos de cada área abranguen prácticas guiadas, exercicios de repetición e consolidación, traballo con datos mediante gráficos, táboas e esquemas, exercicios sinxelos de aplicación directa e exercicios máis complexos de razoamento crítico, retos lóxicos e microactividades competenciais para resolver as situacións propostas.

No que atinxe ás fichas de práctica empírica, inclúen material para realizar prácticas nas áreas de Ciencias Sociais, Ciencias Naturais e Matemáticas. Para iso, proporcionáronse elementos coma lupas, termómetros, báscula, cintas métricas, cronómetros, regletas, figuras xeométricas, mapas, moedas e xogos didácticos, entre outros.

Cada unha das aulas dos centros educativos adheridos a E-Dixgal vai dispor do seu propio moble contedor con todo este material e recursos didácticos perfectamente identificados e organizados e co número de copias suficientes para que o alumnado poida traballar en equipo en grupos de cinco alumnos como mínimo.

Formación ao profesorado e familias

A dotación de novo material físico vai acompañada tamén de formación específica para o profesorado sobre o uso pedagóxico do modelo híbrido, a integración equilibrada de recursos dixitais e analóxicos, a aplicación de metodoloxías activas e competenciais por parte dos docentes e o uso do material manipulativo e recursos didácticos.

Paralelamente, a Consellería de Educación, como xa vén facendo desde o presente curso, reforzará aínda máis a información ás familias a través de xornadas e obradoiros sobre orientación no uso responsable da tecnoloxía, acompañamento no proceso educativo do alumnado e comprensión do papel dos libros de texto e dos recursos dixitais.

Perfeccionamento continuo

Esta dinámica enmárcase dentro do proceso de actualización de E-Dixgal cuxa primeira fase arrancou este 2025/26 coa incorporación de libros de texto en Primaria. De feito en Educación Primaria (onde E-Dixgal opera para 5º e 6º curso), preto do 82% dos colexios combinan este curso co emprego de entre un e tres libros. No caso da ESO, onde xa se combinaba o libro co ordenador, o 87% dos centros aposta polo modelo híbrido.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Tamén se afianza a plataforma cREAgal, que achega materiais didácticos en aberto desde 5º de Primaria ata 4º de ESO elaborados por docentes do sistema educativo público galego e para docentes, o que garante a súa adecuación ao contexto real das aulas e a súa utilidade práctica no día a día. Cómpre lembrar que se trata dunha iniciativa pioneira no ámbito nacional, que reforza tamén o modelo galego de ensino híbrido, na medida en que o contido dixital destes recursos vai acompañado de documentación que se pode empregar en papel, e mesmo vai acompañado dunha guía.

Modernización do ensino galego

O Goberno galego avanza así no reto da modernización do ensino como parte da Galicia Calidade, promovendo un equilibrio proveitoso entre a tecnoloxía e a pedagogía, dando así cumprimento aos requirimentos normativos europeos e estatais, xa que tanto o Consello de Europa como as leis e os currículos españois sitúan a competencia dixital como unha prioridade desde a infancia e unha obriga para formar a cidadanía do mañá.

Nesa aposta de blindar un ensino de calidade onde se combinen as potencialidades das novas tecnoloxías co uso dos métodos máis tradicionais, a Xunta está ultimando a futura Lei de educación dixital, a primeira no seu ámbito en España e no resto de Europa que vai regular os dereitos e os deberes a partir do próximo curso escolar.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA ANUNCIA A POSTA EN MARCHA DUN PROGRAMA ESPECÍFICO PARA REDUCIR O ABANDONO ESCOLAR CENTRADO EN VARÓNS E NA POBOACIÓN INMIGRANTE

- A través do programa Cualifica Talento crearanse equipos de orientación especializados nas sete grandes áreas urbanas, que concentran o 32% da poboación obxectivo desta iniciativa coa que se prevé chegar o vindeiro curso a 2.000 persoas
- Identificaranse as persoas que se poidan beneficiar e fomentárase que se matriculen en diferentes opcións formativas, desde a FP Acelerada ás ensinanzas para adultos
- No que atinxe ás persoas estranxeiras, procurárase a adquisición das linguas cooficiais de Galicia a través, fundamentalmente, das escolas de idiomas
- Elaborárase unha guía que facilite a actuación dos equipos de orientación e favorecerase a acreditación das competencias adquiridas pola experiencia laboral

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou hoxe a posta en marcha dun programa específico para reducir o abandono escolar centrado en varóns e na poboación inmigrante sen educación secundaria de segunda etapa, é dicir, que non contan con títulos superiores ao de ESO. O responsable do Executivo autonómico apuntou que a redución do abandono escolar é un "importantísimo asunto de carácter estrutural no que a Xunta está embarcada hai tempo".

Aínda que indicou que "imos polo bo camiño", lembrando que Galicia pechou 2025 cunha taxa do 10,4%, case tres puntos por debaixo da media estatal, sinalou que "non podemos conformarnos nin moito menos". Así, lembrou que a taxa de abandono educativo temperán é case o dobre nos homes (13,5%) ca nas mulleres (7,2%), polo que o Goberno galego está a intensificar as medidas especiais sobre eles.

Neste sentido, e tal e como informou o conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, Román Rodríguez, crearanse equipos de orientación especializados asociados ás sete grandes áreas urbanas para desenvolver o programa Cualifica Talento, a través do cal se quere reducir o abandono educativo entre os mozos de 18 a 24 anos. O obxectivo é continuar minorando esta taxa con novas vías como a FP Acelerada e os itinerarios formativos ao longo da vida que lles permitan acadar unha cualificación e mellorar o seu futuro.

Román Rodríguez fixo fincapé en que "para a Xunta de Galicia o abandono non é un dato, non é só unha porcentaxe de persoas que non teñen un título". Así, resaltou, "nós entendemos que reducir o abandono é fundamentalmente xerar oportunidades para as persoas, desenvolver talento e en definitiva ser capaces de ter recursos humanos máis cualificados, máis preparados, e que lle poidan facer fronte aos retos que temos por diante na Galicia Calidade que todos desexamos".

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Así as cousas, estímase que Cualifica Talento terá un alcance aproximado de 10.000 persoas, fundamentalmente homes e poboación inmigrante. Xa no vindeiro curso agárdase chegar a 2.000 delas, segundo se recolle no informe sobre esta iniciativa analizado hoxe no Consello da Xunta.

Identificar a poboación albo

As sete grandes cidades de Galicia concentran o 32% da poboación albo. Por iso, a Xunta creará equipos de orientación especializados asociados as estas áreas urbanas, que identificarán os posibles beneficiarios, proporcionaranlles información e asesoramento e fomentarán a súa reincorporación ao sistema educativo.

Estes equipos estarán formados por persoal especializado, é dicir, orientadores e profesorado de formación e orientación laboral. Contarán, ademais, con ferramentas actualizadas que incorporan novas tecnoloxías coma OPI Orienta, a ferramenta de intelixencia artificial da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP con toda a información da oferta e itinerarios formativos.

Opcións formativas adaptadas

Unha vez analizadas as circunstancias de cada persoa, proporanse as opcións formativas máis axeitadas. Así, no caso das persoas sen título de Educación Secundaria Obrigatoria procurarase que se matriculen ben en FP Básica Acelerada ou en Educación Secundaria para persoas adultas semipresencial. No caso das persoas con título de ESO, ofreceráselles a FP Acelerada de grao medio e o Bacharelato de adultos semipresencial. En ambos os casos, a formación desenvolverase a partir de setembro de 2026.

A estas posibilidades engadiranse actuacións específicas para alumnado inmigrante, promovendo a súa incorporación a formacións de castelán e galego para persoas estranxeiras, tanto nas escolas oficiais de idiomas como nos centros públicos de educación e promoción de adultos

A maiores, promoverase a incorporación destas persoas a procedementos de acreditación de competencias dirixido especificamente a persoas en situación de abandono escolar que contan con experiencia laboral ou formación non formal.

Co fin de estandarizar todo este proceso, desenvolverase unha guía de actuación que servirá de base para o traballo e a coordinación dos equipos encargados, así como para futuras actuacións en orientación profesional personalizada. Establecerá, así mesmo, as liñas de traballo que se desenvolverán para a cualificación da poboación sen titulación acreditada.

Aposta pola orientación profesional

O novo programa Cualifica Talento enmárcase no Plan FPGal 360 de orientación profesional integral, que ten entre os seus obxectivos prioritarios facilitar a titulación da poboación moza sen cualificación como parte da Estratexia de formación profesional Galicia 2030. A Xunta conta tamén co Programa de acollida e apoio educativo ao

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

alumnado estranxeiro, unha das liñas de traballo do Plan MEGA de mellora educativa de Galicia, que aposta polo apoio académico e profesional ás persoas inmigrantes. Trátase de medidas ás que se quere dar un novo impulso co novo decreto de ordenación da FP.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA SALIENTA QUE AS MEDIDAS FISCAIS CONSOLIDADAS NO IRPF POLA XUNTA PERMITIRÁN AFORRAR UNHA MEDIA DE 476 EUROS A CADA CONTRIBUÍNTE GALEGO

- Explica que as deducións autonómicas que se aplican na Campaña da Renda 2025 supoñen un aforro de preto de 47 M€
- Lembra que este ano aplicaranse “novos beneficios fiscais” vencellados á vivenda, aos gastos en libros e material escolar e ás axudas derivadas dos incendios, así como beneficios para os enfermos de ELA ou para os afectados pola talidomida
- A Atriga prestará asistencia presencial, telefónica e videoasistencia para facer a declaración, con 36 efectivos e seis coordinadores, a partir deste mércores 8 de abril

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, destacou hoxe que “as medidas fiscais aprobadas polo Goberno galego e consolidadas dende o ano 2022 permitirán a cada contribuínte da comunidade aforrar unha media de 476 euros na declaración da renda”. Así mesmo, lembrou que na campaña deste ano “seguen vixentes as medidas de alivio fiscal” postas en marcha pola Administración autonómica nos últimos anos para loitar contra a suba de prezos. Así, os contribuíntes galegos volverán aplicar a tarifa deflactada nos tres primeiros tramos autonómicos do IRPF no ano 2023 e a rebaixa do primeiro tramo e do incremento dos mínimos persoal e familiar incrementados nese mesmo ano.

Deste xeito, Rueda indicou que as deducións autonómicas establecidas pola Xunta “permitirán aforrar aos contribuíntes galegos preto de 47 M€” na campaña da renda 2025 “que empeza este mércores”. Coas medidas aprobadas pola Xunta, beneficiaranse novamente todos os contribuíntes e, de maneira especial, as rendas medias e baixas. Así se desprende dun informe sobre a campaña do IRPF 2025 presentado hoxe pola Consellería de Facenda e Administración Pública ao Consello da Xunta.

O presidente da Xunta lembrou que “Galicia foi a primeira comunidade en equiparar fiscalmente no IRPF as familias de dous fillos coas familias numerosas”, podendo deducir 250 euros, un incentivo que ata o 2023 tiñan só as familias numerosas (250 euros as de categoría xeral e 400 euros as de especial) e que se dobrou para as familias de tres fillos (500 euros). En total, son “case 190.000 familias”, entre numerosas e con dous fillos, as que resultarán beneficiadas na súa declaración desde a campaña do ano 2023. Esta cantidade increméntase noutros 250 euros por cada fillo a maiores (a partir de tres). Tamén están vixentes deducións referidas ao nacemento ou adopción de fillos, ao coidado de fillos menores, ás persoas con discapacidade de 65 ou máis anos que precisen axuda de terceiros e ao acollemento familiar. Esta última dedución dará dereito á aplicación dunha dedución de 300 euros con independencia da duración do acollemento.

Abundando nas medidas de protección ás familias, os contribuíntes galegos ademais poderán aplicar a nova dedución polos gastos en libros de texto e material escolar.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Deducións para vivenda

No que se refire a deducións por vivenda, Rueda recordou que para aluguer poden acollerse os contribuíntes de idade igual ou inferior a 35 anos. Tamén se aplican para os investimentos en instalacións de climatización e/ou auga quente sanitaria que empreguen enerxías renovables na vivenda habitual, e para obras de mellora de eficiencia enerxética en edificios de vivendas ou en vivendas unifamiliares, así como polos gastos dirixidos ao uso de novas tecnoloxías nos fogares galegos.

Tamén se establecen vantaxes fiscais para a rehabilitación de bens inmobles en centros históricos e para a adquisición ou rehabilitación de vivendas en aldeas modelo.

En relación coas empresas, existen deducións por investimento en empresas agrarias, pola compra de accións ou participacións en entidades de nova creación, por investimentos realizados en accións de entidades cotizadas no segmento de empresas en expansión do mercado alternativo bolsista e por donativos destinados á I+D+i.

Así mesmo, aplicaranse deducións por adquisición de accións ou participacións sociais para a constitución ou ampliación de capital de sociedades cuxo obxecto social exclusivo sexa a realización de proxectos declarados de especial interese público, social ou económico.

Tamén os deportistas de alto nivel poden deducir as axudas e subvencións recibidas.

Novidades nesta campaña de 2025

Ademais destas deducións en vixencia, o presidente da Xunta lembrou que os contribuíntes galegos contarán na campaña de 2025 con "novos beneficios fiscais" en distintos eidos.

En materia de vivenda, os galegos contarán cunha dedución por gastos derivados da adecuación de inmobles baleiros con destino ao arrendamento como vivendas (dedución do 15% das cantidades satisfeitas sobre unha base máxima de 9.000 euros por vivenda). E o arrendamento de vivendas baleiras dá dereito a unha dedución de 500 euros.

Así mesmo, as familias contarán cunha dedución do 15% das cantidades satisfeitas pola adquisición de libros de texto e material escolar de educación primaria, secundaria obrigatoria e educación especial, cun límite de 105 euros por descendente matriculado.

Tamén hai que ter en conta a dedución polas axudas e subvencións recibidas por persoas con diagnóstico de esclerose lateral amiotrófica ou cos seus fenotipos, ademais da dedución polas axudas recibidas polas persoas afectadas pola talidomida en España durante o período 1950-1985.

Por outra banda, os afectados tamén poderán deducir as subvencións e/ou axudas obtidas a consecuencia dos danos causados polos incendios forestais que provocaron a

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

activación do Peifoga en situación 2 acaecidos en Galicia en 2025 que integren a base impositible.

Colaboración da Xunta

A Axencia Tributaria de Galicia (Atriga) prestará asistencia presencial –con 36 efectivos e seis coordinadores, que estarán presentes nas 13 administracións/delegacións da Axencia Estatal da Administración Tributaria-, telefónica e videoasistencia aos contribuíntes galegos durante a campaña da renda que comeza este mércores 8 de abril.

Ata o 6 de maio a declaración só se poderá presentar de xeito telemático, pero ese día comeza a atención telefónica do Plan Chamámoslle para obter asistencia telefónica na confección da declaración. A partir do 1 de xuño dará comezo a atención presencial aos cidadáns que prefiran atender as súas obrigas tributarias do IRPF deste xeito. Os días en que se abrirá a petición da cita previa son o 29 de abril, para a asistencia telefónica, e o 29 de maio para a asistencia presencial. Ademais, se o cidadán domicilia o importe, o último día para facelo é o 25 de xuño.

En 2025, en Galicia presentáronse preto de 1,5 millóns de declaracións, das que máis de 960.00 foron declaracións a devolver.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA LICITA POR PRETO DE 3,5 M€ AS OBRAS DE RENOVACIÓN DO FIRME EN OITO ESTRADAS NO SEU PERCORRIDO POR 10 CONCELLOS DA COSTA DA MORTE

- Intervirase na VG.-1.4, AC-404, AC-429, AC-444, AC-552, AC-546, AC-550 e AC-552, ao seu paso polos municipios da Baña, Cabana de Bergantiños, Cee, Fisterra, Laxe, Muros, Muxía, Santa Comba, Vimianzo e Zas
- Trátase de seguir mellorando as características funcionais e a seguridade viaria en distintos treitos destas vías autonómicas
- A Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas licitará nas vindeiras semanas estas obras co obxectivo de adxudicalas neste segundo trimestre, para executar as obras este mesmo ano
- A Xunta mantén a súa aposta pola mellora das características da rede actual de estradas de titularidade autonómica, o que supón un menor custo de mantemento a longo prazo e unha mellora da seguridade viaria

O Consello da Xunta autorizou hoxe a próxima contratación das obras de renovación do firme en oito estradas autonómicas, no seu percorrido por 10 concellos da Costa da Morte, por un investimento que roldará os 3,5M€.

Trátase de levar a cabo unha renovación do firme para o mantemento e conservación en distintos treitos da vía de altas prestacións VG.-1.4 (Cee-Sardiñeiro), así como nas estradas AC-404 (Santa Comba-Baio), AC-429 (Ponteceso-Laxe), AC-440 (Berdoias-Muxía), AC-444 (Negreira-Ponte Failde), AC-546 (Negreira- A Pereira), AC-550 (Cee-Ribeira) e a AC-552 (A Coruña-Cee).

As intervencións proxectadas nestas vías coinciden cos seus percorridos polos municipios da Baña, Cabana de Bergantiños, Cee, Fisterra, Laxe, Muros, Muxía, Santa Comba, Vimianzo e Zas.

O obxectivo desta intervención é mellorar as características funcionais das estradas da titularidade da Xunta e reforzar a seguridade viaria en distintos treitos desta vías, para o que a Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas licitará as actuacións nas vindeiras semanas, a través da Axencia Galega de Infraestruturas.

Os traballos consistirán na rehabilitación superficial do firme destas estradas, con distintas actuacións, restaurando as características do pavimento, adecuando as súas necesidades funcionais e de durabilidade.

En conxunto, a través destas intervencións actuarase en preto de 65 quilómetros de lonxitude.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

En todas as actuacións previstas neste proxecto non son necesarias as expropiacións de terreos, xa que están incluídas dentro da franxa de dominio público de titularidade da Xunta.

O Goberno galego segue a traballar e a apostar tamén pola mellora das características da rede actual de estradas de titularidade autonómica, o que supón un menor custo de mantemento a longo prazo e unha mellora da seguridade viaria.

A Xunta acada de novo o récord histórico en investimento en conservación de estradas da rede autonómica neste 2026, con 71,6 M€.

A Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas traballa co obxectivo de adxudicar as obras neste segundo trimestre, para executalas este mesmo ano, ao contar cun prazo de execución estimado de seis meses.

Plano de situación das estradas de titularidade da Xunta en que se intervirá:

PLANO DE SITUACIÓN



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APROBA O PROXECTO DE CONSTRUCCIÓN DAS NOVAS SENDAS PEONÍS NA ESTRADA AC-433 EN LAXE, ÁS QUE SE DESTINARÁ UN INVESTIMENTO TOTAL DE MAIS DE 1,1 M€

- Trátase de executar dous novos tramos de sendas nesta vía autonómica: un primeiro que parte do núcleo de Castrelo uníndose coa senda xa executada en Serantes, e un segundo que enlaza este núcleo co de Laxe
- A Xunta licitará as obras nas vindeiras semanas, co obxectivo de adxudicalas no segundo trimestre, para iniciar a execución das obras este mesmo ano

A Xunta deu o seu visto e praxe á aprobación do proxecto de construción e á próxima licitación das obras das novas sendas peonís na estrada AC-433, no concello de Laxe.

O Goberno galego destinará un investimento total que superará os 1,1 M€ ((1.102.524,85 €) á construción de dous novos tramos de sendas peonís nesta vía autonómica: un primeiro que parte do núcleo de Castrelo uníndose coa senda xa executada en Serantes, e un segundo que enlaza este núcleo co de Laxe.

Estes novos itinerarios, que se desenvolverán pola marxe dereita da estrada autonómica AC-433, no seu percorrido polo municipio coruñés de Laxe, acadarán unha lonxitude total de preto de 2 quilómetros (1.903 metros).

Así, segundo o proxecto de construción visado polo departamento de Infraestruturas da Xunta, executarase un primeiro tramo de senda situado preto de Castrelo, no punto quilométrico 10+493, que finalizará no inicio da senda existente en Serantes, no punto 11+075.


O segundo tramo permitirá a conexión entre Serantes e Finllido, discorrendo entre os puntos 11+731 e 12+427. Neste treito prevense dúas zonas de aparcadoiros.

Con estas actuacións o Goberno galego dá continuidade aos itinerarios xa executados na AC-433 en Soesto e Serantes, no municipio de Laxe, conformando así un itinerario continuo e seguro para os peóns.


Prevese que este proxecto sexa cofinanciado con fondos europeos Feder 21/27.

Planos das principais seccións tipo das sendas que se executarán:

INFORMACIÓN AOS MEDIOS



INFORMACIÓN AOS MEDIOS



Planta das actuacións proxectadas

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA ACORDA A INFORMACIÓN PÚBLICA DO PROXECTO PARA EXECUTAR UNHA SENDA PEONIL E CICLISTA EN OMBREIRO, NO CONCELLO DE LUGO

- Esta actuación na LU-234 suporá un investimento duns 870.000€ e permitirá a implantación dun itinerario de uso compartido peonil-ciclista entre a Ponte e Riazón, fomentando a mobilidade sustentable e mellorando a seguridade viaria
- O Goberno galego prevé someter nas vindeiras semanas o proxecto a información pública, para poder aprobalo no 2º semestre e realizar a convocatoria das expropiacións, para seguir a tramitar o proxecto construtivo e licitar a obra

O Consello da Xunta acordou hoxe someter a información pública o proxecto para executar unha senda na estrada autonómica LU-234 ao seu paso pola parroquia de San Martiño de Ombreiro, no concello de Lugo, cuxa execución suporá un investimento estimado de 869.819,36 euros.

O obxecto da actuación é a definición das obras que é preciso executar para a implantación dun itinerario seguro de uso compartido peonil-ciclista, de algo máis de 1,2 quilómetros de lonxitude, en paralelo á marxe esquerda desta vía autonómica, entre os núcleos rurais da Ponte e Riazón, posibilitando coa súa execución o fomento da mobilidade sostible en condicións seguras.

A Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas prevé someter nas vindeiras semanas este proxecto a información pública, para efectos expropiatorios, por un prazo de 30 días. Nesta intervención é necesario expropiar 20 predios.

A previsión é poder aprobar o proxecto de trazado no segundo trimestre deste ano e realizar a convocatoria de levantamento de actas previas das expropiacións, para a continuación tramitar o proxecto construtivo e licitar a obra. O prazo de execución da intervención é de 12 meses.

Descrición da actuación

En concreto, a intervención proposta polo departamento de Infraestruturas da Xunta consiste na execución, en paralelo á estrada LU-234, dunha senda de uso compartido peonil e ciclista, entre os puntos quilométricos 3+350 e 4+630 da dita vía. O trazado discorre na súa totalidade dentro do municipio de Lugo, entre os núcleos da Ponte e de Riazón, e deséñase co fin de completar un itinerario seguro entre ambas as poboacións.

A senda discorrerá pola marxe esquerda, adxacente á estrada e mantendo o mesmo trazado que esta. Considérase un largo de senda de 2,5 m, incluíndo o bordo estético de 0,22 m e establécese unha beiravía de 0,5 m. A senda elévase 10 centímetros sobre a beiravía como norma xeral salvo nos accesos, onde se rebaixa ata os 2 centímetros e nas interseccións, onde se nivela coa cota da calzada.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Tamén se acondicionará a parada de autobús do punto quilométrico 4+490 para mellorar a súa accesibilidade, mantendo o refuxio existente, pero desprazándoo de forma que quede un paso de 2,50 metros de largo por diante del e unha franxa de 30 centímetros por detrás para a súa limpeza.

En todo o percorrido o pavimento empregado será de formigón coloreado en cor terrosa. Nos accesos ás parcelas e nos cruzamentos cos camiños municipais o formigón incrementará o seu espesor e irá reforzado con malla de aceiro. Empregarase pavimento podotáctil nos cruzamentos coas estradas municipais e na anteriormente citada parada de autobús.

Para minimizar as futuras afeccións á senda debido a obras de redes de servizos, planéase a inclusión dun prisma de canalización de telecomunicacións baixo a beirarrúa. Analogamente, proxéctase outra canalización para a rede eléctrica.


Por último, hai que indicar que, durante os traballos de construción, será necesario recuar ou retirar catro postes da rede de iluminación e reforzar a cimentación dun poste da rede eléctrica. Tamén se axustarán as cotas de varios pozos e arquetas para adaptalos á superficie da senda.

Esta nova intervención na LU-234 financiarase con fondos Feder 21/27.


O Goberno galego mantén o seu compromiso de reforzar a seguridade dos usuarios máis vulnerables das vías, que son os peóns e os ciclistas, tendo en conta que este tipo de itinerarios favorecen os desprazamentos dos cidadáns, pero dun xeito máis cómodo, máis seguro e máis saudable.

Itinerario da senda proxectada na LU-234 que se somete a información pública:


INFORMACIÓN AOS MEDIOS



Planta de actuacións:



INFORMACIÓN AOS MEDIOS



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA MANTÉN AS MEDIDAS DE PREVENCIÓN DA CABANA BOVINA GALEGA FRONTE Á DERMATOSE NODULAR CONTAXIOSA E SOLICITA ACCIÓNS URXENTES AO GOBERNO CENTRAL

- A dermatose nodular contaxiosa é unha enfermidade de comunicación obrigatoria, está catalogada como de categoría A (a máis grave das existentes) e súa vía de transmisión principal é a través da picada de insectos vectores, aínda que non se transmite ás persoas
- Historicamente, a infección por esta doenza concentrouse no sur e leste de África, pero desde 2010 espallouse por países como Turquía, Grecia, Bulgaria, Serbia, Montenegro, Albania e Macedonia e, en 2025, por Italia e Francia
- O pasado mes de outubro, España declarou por primeira vez na súa historia o primeiro foco desta enfermidade na provincia de Girona, pero previamente a esta aparición, o Goberno galego realizara xa durante o verán unha campaña de información e sensibilización ao sector
- Desde a Consellería do Medio Rural puxéronse en marcha diferentes medidas preventivas, que se foron modulando co paso do tempo e que permanecen activas ata finais de abril, tras reforzarse o período de vixilancia veterinaria, de 21 a 28 días, dos animais procedentes de fóra de Galicia
- Desde Galicia séguese reclamando ante a UE unha flexibilización nas exigencias para evitar o baleirado sanitario de toda a explotación no caso de detectarse un positivo, o desenvolvemento dunha vacina marcada, así como unha maior coordinación do Ministerio de Agricultura

A Xunta de Galicia mantén a prevención da cabana bovina galega fronte á dermatose nodular contaxiosa (DNC) e segue instando o Goberno central a tomar medidas urxentes e coordinadas para todas as comunidades autónomas. Así se recolle no informe elevado hoxe ante o Consello da Xunta, no que se analizan todas as medidas tomadas por Galicia durante os últimos meses co fin de impedir a entrada da doenza da comunidade.

Cómpre destacar que a dermatose nodular contaxiosa é unha enfermidade de comunicación obrigatoria, está catalogada como de categoría A -a máis grave das existentes, xa que repercute de forma moi esixente no sector gandeiro-, e súa vía de transmisión principal é a través da picada de insectos vectores. Cabe sinalar que non é unha enfermidade zoonótica, polo que as persoas non poden verse contaxiadas por ningunha vía, directa ou indirecta, de contacto con bovinos ou insectos vectores contaminados. Tampouco é posible contaxiarse polo consumo de carne ou leite de bovinos afectados.

Historicamente, a infección por esta doenza concentrouse no sur e leste de África e durante a década de 2010 espallouse por Turquía, Grecia, Bulgaria, Serbia, Montenegro, Albania e Macedonia. En xuño de 2025 foi notificada en Italia e tamén en Francia. No mes de outubro de 2025 España declarou por primeira vez na súa historia o primeiro foco de

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

dermatose na provincia de Girona, sumando despois outros novos. Actualmente, en España hai 20 focos notificados, 18 en Cataluña e 2 en Aragón.

Medidas preventivas establecidas por Galicia, reforzadas

Nun contexto destas características, o Executivo galego optou por establecer medidas preventivas en Galicia co obxectivo de evitar a entrada desta enfermidade no noso territorio. As accións de información e sensibilización para os gandeiros comezaron xa no mes de xuño de 2025 e intensificáronse despois da detección da enfermidade en Francia.

Dende a Consellería do Medio Rural, e como é habitual en casos similares, informouse desta situación a todos os servizos veterinarios oficiais e demais axentes do sector como as asociacións de defensa sanitaria gandeira, colexios veterinarios e asociacións profesionais do sector bovino. Así mesmo, realizouse unha campaña de concienciación cos operadores que transportan gando dende Francia, así como un plan de control respecto aos animais trasladados, co fin último de minimizar o risco de entrada en Galicia. Realizáronse tamén actuacións de vixilancia e control nas explotacións.

Con todo, a partir do 27 de outubro de 2025, e ante a detección da enfermidade en Cataluña, optouse por ampliar o reforzo ante a DNC con medidas que se foron adaptando e modulando co paso dos meses. Actualmente están vixentes, ata finais de abril, as seguintes medidas: ás feiras e mercados de gando regulares de Galicia só pode asistir gando bovino procedente de explotacións galegas; mentres que os eventos con asistencia deste gando, como exposicións, concursos, poxas e similares precisan da autorización previa da dirección xeral.

Así mesmo, os animais bovinos incorporados ás explotacións galegas, con destino distinto a matadoiro e con orixe fóra da nosa comunidade, independentemente da súa orixe, son sometidos a vixilancia polos servizos veterinarios oficiais da Consellería do Medio Rural, e deben pasar unha corentena de 28 días. Cómpre lembrar que ata finais de marzo esta corentena era de 21 días, pero vén de reforzarse. A maiores, tamén se leva a cabo a inmovilización de toda a explotación receptora destes animais durante ese mesmo período, así como a desinsectación obrigatoria de todos os presentes na explotación. Todo iso controlado por parte dos servizos veterinarios oficiais. A maiores, para os vehículos que transporten bovinos con destino a Galicia, ademais da obrigación normativa de realizar tarefas de limpeza e desinfección dos vehículos, previa á carga dos animais, establécese adicionalmente a obriga de realizar a súa desinsectación.

Demandas á Unión Europea e ao Goberno central

Nesta situación, a Consellería do Medio Rural vén reclamando ás autoridades comunitarias que rebaixen a categoría da dermatose nodular contaxiosa co fin de flexibilizar as exixencias aos gandeiros que se poidan ver afectados pola doenza, evitando así o baleirado sanitario de toda a explotación no caso de se detectar un positivo. Reclámase, tamén, que a Unión Europea lidere, de forma xurídica e económica,

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

as actuacións necesarias para a investigación en prol dunha vacina marcada que se poida administrar ao gando de xeito preventivo. Cabe sinalar que a vacina existente ata o de agora ten a condición de "viva", polo que un animal positivo non se diferencia dun vacinado. A conselleira do Medio Rural reiterou estas demandas en Bruxelas a pasada semana, nunha xuntanza co comisario europeo de Saúde e Benestar Animal, Olivér Várhelyi.

O comisario sinalou a imposibilidade, ata o momento, de rebaixar a categoría da doenza, tendo en conta o que establece a normativa internacional sobre o particular. Con todo, no vindeiro mes de maio celebrárase unha comisión sobre sanidade animal a nivel mundial para intentar flexibilizar algúns dos aspectos que rexen nesta enfermidade.

Por outra banda, séguese instando o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, tal e como xa se fixo en numerosas ocasións, a que desenvolva unha estratexia clara de coordinación entre todas as comunidades autónomas para o control eficaz desta enfermidade, co fin de levar a cabo medidas homoxéneas que dean certezas e seguridade no sector gandeiro. Tamén se exige unha táboa de indemnizacións homoxénea e común a toda España para os posibles afectados, así como a incorporación da doenza aos seguros agrarios.

A maiores, desde a Xunta de Galicia séguese insistindo na concienciación dos gandeiros ante esta doenza, e por iso ao longo do mes de marzo se organizaron charlas nas diferentes provincias para explicar a enfermidade, as medidas tomadas pola consellería e solicitar un maior incremento das accións de bioseguridade e desinsectación nas explotacións, a maiores da recomendación xeral de evitar incorporar animais de fóra de Galicia e moito menos de zonas próximas ás zonas restrinxidas ou con tránsito por elas (Francia ou zonas afectadas de España).